



Estratexia galega de Economía Social

ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA


A Estratexia diríxese a **máis de 3.000 entidades** de Galicia: cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral

Dan emprego a máis de **14.400 persoas** e factura preto de **3.000M€**

O **despoboamento do rural** e o **envellecemento da poboación** están a xogar en contra do crecemento da economía social en Galicia

Este colectivo ten como puntos fortes a súa capacidade para xerar **emprego de calidade** e a facilidade coa que atopa a **colaboración do tecido empresarial**

ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA



	Cooperativas	Sociedades Laborais	Centros especiais de emprego	Empresas de inserción laboral	TOTAL
Empresas	1.294	1.626	106	10	3.036
Empregos	8.960	2.710	2.680	85	14.435
Facturación	2.479M€	360M€	97M€		2.936M€



VISIÓN

A **Estratexia galega de Economía Social** nace para impulsar novas fórmulas empresariais que permitan:

- xerar máis emprego e de máis calidade,
- garantir unha mellor redistribución dos recursos,
- favorecer a cohesión territorial e social,
- e prestar especial atención ás cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral.



CONSTRUÍR ENTRE TODOS OS GALEGOS E GALEGAS UNHA GALICIA MÁIS IGUALITARIA E CON MÁIS OPORTUNIDADES

RETOS

1 Capacidades

Fomento da economía social entre o alumnado

Impulso de laboratorios

Promoción do emprendemento feminino

Incentivos a empresas de nova creación

2 Sustentabilidade

Consolidación de empresas e internacionalización

Impulso da investigación e a innovación

Fomento da RSE

Reforma da normativa

3 Identidade

Publicación dun catálogo

Consello Galego de Economía Social

Dinamización da Rede Eusumo

Fortalecemento do tecido asociativo

A ESTRATEXIA DE ECONOMÍA SOCIAL CONSTA DE 25 MEDIDAS, DAS QUE 11 SON DE NOVA CREACIÓN

1 SUMAR

Capacidades

ACCIÓN 1

REFORZADA

Programa formativo permanente

- Actividades dirixidas ás persoas que queren emprender, ás persoas socias ou asalariadas das entidades e aos seus equipos directivos.
- Formación en uso das TIC co obxectivo de modernizar e introducir de maneira progresiva as novas tecnoloxías neste tipo de entidades.

ACCIÓN 2

NOVA

Fomento da economía social entre o alumnado

- Inclusión da economía social nas actividades formativas orientadas ao emprendemento do alumnado de primaria, secundaria, de formación profesional e universitario.

1 SUMAR

Capacidades

ACCIÓN 3

REFORZADA

Laboratorios de economía social

- Asesoramento e acompañamento a emprendedores para entidades de economía social en fase inicial.
- Impulso ao emprendemento en sectores emerxentes nos se que se identificaron oportunidades de negocio, sobre todo no rural.

ACCIÓN 4

REFORZADA

Reforzo de programas de creación de emprego

- Iniciativas para a xeración de emprego, con especial atención á integración de colectivos con especiais dificultades, como as persoas con capacidades diferentes e as que están en situación ou risco de exclusión.

1 SUMAR

Capacidades

ACCIÓN 5

REFORZADA

Promoción do emprendemento feminino

- Promoción do acceso das mulleres ao emprego en entidades de economía social e a postos de responsabilidade.
- Formación específica para a capacitación directiva e prioridade no acceso ás axudas para a creación e o fomento do emprego.

ACCIÓN 6

NOVA

Incentivos ao emprendemento na nova economía

- Axudas a empresas de nova creación cuxa actividade principal estea baseada na tecnoloxía, a economía colaborativa ou circular.

2 SUMAR

Sustentabilidade

ACCIÓN 7

REFORZADA

Apoio á consolidación das empresas

- Posta en marcha de medidas específicas dirixidas a apoiar as empresas de economía social xa existentes no seu proceso de desenvolvemento e consolidación, partido da análise das súas necesidades.

ACCIÓN 8

REFORZADA

Fomento da internacionalización

- Nos programas de internacionalización incluíranse criterios que primen a participación de proxectos de economía social.

2 SUMAR

Sustentabilidade

ACCIÓN 9

NOVA

Fomento da innovación

- Programas específicos ou criterios que concedan prioridade ás empresas de economía social en liñas de axuda para plans de investigación, innovación e reforzamento do tecido produtivo galego.

ACCIÓN 10

NOVA

Apoio á transformación de empresas

- Realización dun diagnóstico e asesoramento de entidades con necesidade de transformación para o seu impulso empresarial.
- Axudas económicas para a súa transformación en empresas de economía social.

2 SUMAR

Sustentabilidade

ACCIÓN 11

REFORZADA

Impulso a programas de financiamento

- Participación das entidades no Fondo Economía Social de XesGalicia e no resto de programas de financiamento da Xunta.

ACCIÓN 12

NOVA

Cooperación

- Apoio aos procesos de cooperación e integración empresarial co fin de acadar a necesaria dimensión para gañar en competitividade.

ACCIÓN 13

NOVA

Coordinación

- Mecanismos de coordinación entre os departamentos autonómicos para identificar oportunidades de mellora para a economía social.

2 SUMAR

Sustentabilidade

ACCIÓN 14

REFORZADA

Emprego inclusivo

- Apoio ás entidades que traballan na inserción laboral das persoas con capacidades diferentes ou en situación ou risco de exclusión.

ACCIÓN 15

REFORZADA

Responsabilidade Social Empresarial

- Promoción de medidas de RSE nas empresas de economía social e divulgación dos criterios ambientais, sociais e bo goberno corporativo.

ACCIÓN 16

REFORZADA

Seguridade e saúde laboral

- Plans para fomento da seguridade e a saúde laboral, con especial atención a centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral.

2 SUMAR

Sustentabilidade

ACCIÓN 17

NOVA

Reforma do marco legal

- Adecuación da normativa galega no ámbito do cooperativismo ás necesidades do sector, axudando á creación e á consolidación de cooperativas acordes coa sociedade actual.
- Especial atención ás medidas que faciliten a posta en marcha de novos tipos de cooperativas que permitan a hibridación, así como a adaptación, ás novas tendencias e necesidades da sociedade, preservando os principios polos que se rexen.

2 SUMAR

Sustentabilidade

ACCIÓN 18

NOVA

Reforma e modernización dos rexistros

- Modernización dos rexistros de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral dependentes de Emprego para facilitar os trámites e mellorar a recollida de información.

ACCIÓN 19

REFORZADA

Implantación de cláusulas sociais e contratos reservados

- Posta a disposición das administracións das ferramentas necesarias para implementar cláusulas sociais nos seus contratos.
- O novo plan busca mellorar a competitividade das empresas de economía social e incrementar a taxa de contratos reservados a centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral.

3 SUMAR

Identidade

ACCIÓN 20

NOVA

Anuario da economía social en Galicia

- Publicación e actualización anual dun catálogo coas empresas existentes.
- Coa colaboración de entidades asociativas, universidades e resto de institucións, realización de análises e informes de tendencias para coñecer os retos dos próximos anos.

ACCIÓN 21

NOVA

'Branding' da economía social

- Deseño de accións da man do Foro de Economía Social para construír un relato que favoreza o sentimento de pertenza a este ámbito.

3 SUMAR

Identidade

ACCIÓN 22

REFORZADA

Campañas de comunicación

- Reforzo das actividades de difusión da economía social para sensibilizar da importancia de que todos os axentes e a cidadanía contribúan a xerar emprego de calidade, fixar poboación, respectar ao medio e cambiar os procesos de produción, distribución, consumo e aforro.

ACCIÓN 23

NOVA

Consello Galego de Economía Social

- Posta en marcha deste Consello como órgano consultivo e espazo de coordinación entre as diferentes entidades de economía social de Galicia.

3 SUMAR

Identidade

ACCIÓN 24

REFORZADA

Dinamización da Rede Eusumo

- Medidas para fomentar a colaboración entre as entidades da Rede Eusumo, e aumentar a súa actividade e a participación coordinada.

ACCIÓN 25

REFORZADA

Apoio ás asociacións e a súa relación

- Incremento das axudas ás entidades para o seu funcionamento co fin de fortalecer o tecido asociativo da economía social.

ORZAMENTO 2019-2021

**RETO 1
SUMAR CAPACIDADES**

24 M€

**RETO 2
SUMAR SUSTENTABILIDADE**

46,5 M€

**RETO 3
SUMAR IDENTIDADE**

2,5 M€

73M€

OBXECTIVOS





Estratexia galega de Economía Social